

**XDO. PRIMEIRA INSTANCIA N. 1  
SANTIAGO DE COMPOSTELA**

SENTENCIA: 00225/2022

**ORD PROCEDIMIENTO ORDINARIO 0000524 /2022**

Procedimiento origen: /  
**Sobre RESTO.ACCIO.INDV.CONDIC.GNRLS.CONTRATACION**  
DEMANDANTE D/ña.  
Procurador/a Sr/a.  
Abogado/a Sr/a. MARTI SOLA YAGÜE  
DEMANDADO D/ña. CAIXABANK  
Procurador/a Sr/a.  
Abogado/a Sr/a.

**SENTENZA N°225/2022**

Maxistrada:  
Lugar: SANTIAGO DE COMPOSTELA.  
Data: 27 de outubro do 2022.

Vistos por mí, a xuiz [REDACTED], os presentes autos de xuizo ordinario interposto pola parte demandante Dona. [REDACTED], representado polo Sr. [REDACTED], contra entidade Caixabank, representada polo Sr. [REDACTED].

**ANTECEDENTES DE FEITO. -**

**PRIMEIRO.** - Con data de 27 de xuño de 2022 preséntase demanda de xuizo ordinario, sobre reclamación de cantidad pola parte demandante Dona. [REDACTED], contra entidade Caixabank.

**SEGUNDO.** - Admitida a trámite a demanda, e allanándose a parte demandada ás pretensión de nulidad por usurario do contrato da parte actora co contido que obra en autos, declarase o procedemento visto para sentenza.

No desarrollo deste procedemento observáronse tódalas prescripcións legais de pertinente e xeral aplicación.

#### **FUNDAMENTOS DE DEREITO.-**

**PRIMEIRO.-** Iniciado o xuízo e en virtude das alegacións de ambas partes, queda o debate establecido nos seguintes términos: pola parte actora, e ratificándose íntegramente na sua demanda, solicita a nulidade do contrato celebrado entre as partes con data de actora na sua demanda en relación a nulidade por usurario da contratación. A parte demandada se allana na sua contestación as pretensións da actora en canto a nulidade do contrato por usurario solicitando a non imposición das cuas.

**SEGUNDO.-** En canto as custas e na medida do actuado desprendese que a parte actora realiza con anterioridade a vía xudicial unha reclamación extraxudicial . Así e acordo co *artigo 395 Lei Enxuizamento Civil* que establece reglas especiais a propósito das custas nestos casos e establece o seguinte:

"1ª.- Si el demandado se allanare a la demanda antes de contestarla, no procederá la imposición de costas salvo que el tribunal, razonándolo debidamente, aprecie mala fe en el demandado. Se entenderá que, en todo caso, existe mala fe, si antes de presentada la demanda se hubiese formulado al demandado requerimiento fehaciente y justificado de pago, o si se hubiera iniciado procedimiento de mediación o dirigido contra él solicitud de conciliación. "

Conforme o indicado no texto legal non cabe senón a imposición das custas a parte demandada dado que foi obxeto dunha reclamación anterior a vía xudicial que foi desatendida, o que e obriga á parte actora a acudir ó presente procedemento.

**ULTIMO.-** As custas deste procedemento acordo co disposto no artigo 394 e 395 da L.A.C., se realiza condena en custas a parte demandada.

#### **DISPOÑO .-**

**POR TODO O EXPOSTO DEBO acoller** a demanda presentada por Dona. , e o allanamento da entidade Caixabank no presente procedemento, e en consecuencia declarar

a nulidade da contratación entre as partes por usuraria e como consecuencia a entidade demandada deberá devolver as cantidades cobradas indebidamente estando obligada a parte actora a devolver so o capital prestado. As cantidades se determinarán en execución de sentenza, sen prexuizo das compensacións que sexan necesario realizar.

Se condea en custas a parte demandada.

**PUBLICACIÓN** .- Leída e publicada a anterior sentencia pola Sra. Xuíz Doña , estando celebrada en Audiencia Pública no mesmo día da sua data. Dou fe.